

Referencia:	2019/8252C
Procedemento::	Expedientes de aprobación y modificación de Ordenanzas Fiscales
Interesado:	<p>CONCELLO DE AVION , CONCELLO DE BANDE , CONCELLO DE BALTAR , CONCELLO DE BEARIZ , CONCELLO DE BOBORAS , CONCELLO DE ENTRIMO , CONCELLO DE A GUDIÑA , CONCELLO DE IRIXO , CONCELLO DE LAROUCO , CONCELLO DE LOBEIRA , CONCELLO DE LOBIOS , CONCELLO DE MUIÑOS , CONCELLO DE A PEROXA , CONCELLO DE PEREIRO DE AGUIAR , CONCELLO DE PETIN , CONCELLO DE PORQUEIRA , CONCELLO DE PUNXIN , CONCELLO DE SAN AMARO , CONCELLO DE SAN CRISTOVO DE CEA , CONCELLO DE SAN XOAN DE RIO , CONCELLO DE SANDIAS , CONCELLO DE SARREUS , CONCELLO DE VILAMARIN , CONCELLO DE VILAMARTIN DE VALDEORRAS , CONCELLO DE AMOEIRO , CONCELLO DE BLANCOS , CONCELLO DE A BOLA , CONCELLO DE CALVOS DE RANDIN , CONCELLO DE CARBALLEDA DE VALDEORRAS , CONCELLO DE O CARBALLIÑO , CONCELLO DE CASTRELO DE MIÑO , CONCELLO DE CASTRO CALDELAS , CONCELLO DE CHANDREXA DE QUEIXA , CONCELLO DE COLES , CONCELLO DE MANZANEDA , CONCELLO DE MONTEDERRAMO , CONCELLO DE PADRENDA , CONCELLO DE A POBRA DE TRIVES , CONCELLO DE RAIRIZ DE VEIGA , CONCELLO DE RIBADAVIA , CONCELLO DE RIOS , CONCELLO DE A RUA DE VALDEORRAS , CONCELLO DE RUBIA , CONCELLO DE A TEIXEIRA , CONCELLO DE TOEN , CONCELLO DE TRASMIRAS , CONCELLO DE A VEIGA , CONCELLO DE VIANA DO BOLO , CONCELLO DE XINZO DE LIMIA , CONCELLO DE VILARIÑO DE CONSO , CONCELLO DE SAN CIBRAO DAS VIÑAS , CONCELLO DE O BOLO , JOSE ANTONIO GOMEZ IGLESIAS</p>
Representante:	<p>MANUEL CORZO MACIAS, FRANCISCO A VEIGA ROMERO, ANTONIO MONTERO FERNANDEZ, JOSE LUIS GONZALEZ LOPEZ, EMILIO JOSE PAZOS OJEA, AMABLE FERNANDEZ BASALO, AQUILINO VALENCIA SALGADO, PATRICIA DOMINGUEZ BARJA, JOSE LUIS VALLADARES FERNANDEZ, JOSE ANTONIO FEIJOO ALONSO, SUSANA VAZQUEZ DORADO, LUIS MENOR PEREZ, ALVARO JOSE FERNANDEZ LOPEZ, ANA PATRICIA TORRES MADUREIRA, JOSE ANTONIO ARMADA PEREZ, ANTONIO IGLESIAS ALVAREZ, RAQUEL MARIA BAUTISTA CARBALLO, PLACIDO ALVAREZ DOBAÑO, JOSE MANUEL CASTRO BLANCO, RAMON ALONSO LOPEZ, PATRICIA LAMELA RODRIGUEZ, MANUEL SEOANE RODRIGUEZ, RICARDO GONZALEZ GOMEZ, MANUEL PRADO LOPEZ, GUMERSINDO LAMAS ALVAR</p>
NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL (502)	

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Aprobación definitiva da ordenanza fiscal reguladora das taxas do servizo intermunicipal delegado de recollida, tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos e dos puntos limpos da provincia de Ourense

Con data 25 de outubro de 2019 o Pleno da Deputación Provincial de Ourense aprobou inicialmente a modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas do servizo intermunicipal delegado de recollida, tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos e dos puntos limpos da provincia de Ourense, publicada no BOP núm. 203, de 4 de setembro de 2014.

O dito acordo someteuse a información pública, durante trinta días hábiles, mediante anuncio inserido no BOP de data 6 de novembro, rematando o prazo de exposición pública o

vindeiro día 20 de decembro de 2019, data na que está prevista a realización do pleno ordinario da Deputación correspondente ao mes de novembro.

Con data 29 de novembro, o pleno do concello de Castrelo de Miño acordou a adhesión ao ámbito de aplicación da dita ordenanza fiscal provincial, solicitando nesa mesma data que a Deputación estimase esta solicitude a través do trámite de exposición pública.

Considérase procedente estimar a dita solicitude, que permitirá aplicar aos veciños do dito concello as bonificacións previstas na modificación da ordenanza fiscal provincial.

Dado que o trámite de información pública da ordenanza manterase aberto ata o 20 de decembro de 2019, e co fin de non ter que recorrer á celebración dun pleno extraordinario posterior para a aprobación definitiva da modificación de ordenanza, estímase conveniente tratar nesa sesión a alegación formulada polo concello de Castrelo de Miño, procedendo á aprobación definitiva da modificación de modo condicionado a que non se presenten outras alegacións, reclamacións ou suxestións no período de exposición pública. No caso de que efectivamente se presenten, a aprobación definitiva carecerá de eficacia ata a resolución expresa desas alegacións, reclamacións ou suxestións nun pleno posterior.

Polo exposto, propónse que, previa ratificación por maioría simple da inclusión do asunto na orde do día, ao non ter sido ditaminado pola comisión informativa competente, por parte do Pleno se adopte o seguinte acordo:

1º) Estimar a alegación formulada polo Concello de Castrelo de Miño en relación coa aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas do servizo intermunicipal delegado de recollida, tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos e dos puntos limpos da provincia de Ourense.

2º) Aprobar definitivamente a dita modificación, conforme ao texto aprobado na sesión plenaria de 25 de outubro de 2019, coas seguintes adicións:

a) No artigo 1.1., engádese Castrelo de Miño ao ámbito de aplicación da ordenanza fiscal.

b) Na disposición derogatoria, engádese ás ordenanzas fiscais que se derrogan a ordenanza fiscal reguladora das taxas do servizo municipal delegado de recollida, tratamento

e eliminación de residuos sólidos urbanos e puntos limpos do Concello de Castrelo de Miño, publicada no BOP nº 273 de 2 de decembro de 2011, así como a súa modificación publicada no BOP nº 286, de 15 de decembro de 2016.

3º) O presente acordo de aprobación definitiva queda condicionado a que non se presenten outras alegacións, reclamacións ou suxestións no período de exposición pública. No caso de que efectivamente se presenten, a aprobación definitiva carecerá de eficacia ata a resolución expresa desas alegacións, reclamacións ou suxestións nun pleno posterior.

4º) Ordenar a publicación do presente acordo, unha vez que adquira eficacia, e do texto íntegro da ordenanza coas modificacións aprobadas, no Boletín Oficial da Provincia, para a súa entrada en vigor conforme ao disposto no artigo 17.3 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.